



**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión 19 de data 29/10/2015
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Nomeamento de representante do Concello na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
- 4 Aprobación do acordo de formulación do PXOM en base ao artigo 84.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e comunicación ao órgano ambiental, xunto co documento de inicio.
- 5 Cesión dun local da planta superior do Meirande a favor da Asociación Deportiva e Cultura de Rande
- 6 Manifesto do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero
- 7 Actividades de control do pleno:
 - 7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 16/10/15 ao 16/11/2015
 - 7.2 Solicitudes de comparecencia
 - 7.3 Mocións
 - 7.3.1 Moción de AER sobre reprobación do concelleiro de infraestruturas, patrimonio, seguridade cidadá, tráfico, transportes e interior.
 - 7.3.2 Moción do PSdeG-PSOE sobre a ponte de acceso a Trasmañó
 - 7.3.3 Moción do BNG a prol da ampliación da acreditación por violencia machista e da creación do estatuto do "feminicidio".
 - 7.3.4 Moción de AER sobre a promoción de grupos e artistas locais.
 - 7.3.5 Moción do grupo do PSdeG-PSOE sobre o plan de apoio permanente á alimentación infantil en períodos non lectivos
 - 7.3.6 MOCIÓN do PSdeG-PSOE sobre o plan para a remodelación integral do porto de Cesantes
 - 7.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 23/11/2015, e sendo as vinte horas do día 26 de novembro de 2015, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

O alcalde fai un receso na sesión ás 21,50, reanudándose ás 22,10

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN 19 DE DATA 29/10/2015

Dada conta do acta da sesión anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario o 29.10.2015, a corporación, por unanimidade, acorda deixar pendente a súa aprobación para que se completen as intervencións e se verifique a votación relativa á moción 8.2.4.

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Dáse conta dos seguintes expedientes de modificación de crédito:

1. Número MC 51/2015 tc 21/15 mediante transferencia de crédito por importe de 5.686,06 €, aprobada por resolución da alcaldía de data 14/10/2015.
2. Número MC 52/2015 gc 21/15 mediante xeración de crédito por importe de 7.165,81 €, aprobada por resolución da alcaldía de data 14/10/2015.
3. Número MC 53/2015 tc 22/15 mediante transferencia de créditos por importe de 135,39 €, aprobada por resolución da alcaldía de data 14/10/2015.
4. Número MC 55/2015 gc 22/15 mediante xeración de crédito por importe de 78.302,85 €, aprobada por resolución da alcaldía de data 26/10/2015.
5. Número MC 56/2015 tc 24/15 mediante transferencia de crédito por importe de 2.712,35 €, aprobada por resolución da alcaldía de data 09/11/2015

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionado.”

3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Polo alcalde, en referencia ao acordo adoptado polo pleno do Concello o 22.06.2015 sobre nomeamento dos representantes do Concello de Redondela na Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, indícase que ao non pertencer a concelleira Quintáns Costoya a ningún grupo político non é posible o seu nomeamento automático, polo que deberá ser o pleno o que, previa aceptación da mesma, a nomee como representante a título persoal.

VOTACIÓN E ACORDO

A corporación por unanimidade, e tras manifestar a súa conformidade, acorda nomear á concelleira RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA representante do Concello de Redondela na citada Mancomunidade.



CONCELLO DE REDONDELA

4. APROBACIÓN DO ACORDO DE FORMULACIÓN DO PXOM EN BASE AO ARTIGO 84.5 DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA (LOUGA) E COMUNICACIÓN AO ÓRGANO AMBIENTAL, XUNTO CO DOCUMENTO DE INICIO.

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa do Plan Xeral da súa xuntanza de data 20/11/2015 que di:

“Pola presidencia dase conta da proposta da Presidenta da Comisión de data 17 de novembro de 2015 do seguinte tenor:

Considerando o contrato formalizado polo Concello de Redondela e Jornet Llop Pastor SLP, María Ríos Carballeira e Gabriel Ángel Jubete i Andreu UTE en data 06.03.2015, para a redacción do PXOM do Concello.

Considerando completa a documentación achegada no Rexistro deste Concello en data 07.09.2015 (nº 13052) por María Ríos Carballeira en representación de Jornet Llop Pastor SLP, María Ríos Carballeira e Gabriel Ángel Jubete i Andreu UTE en base ao informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito a Urbanismo e o Arquitecto Municipal de data 19.10.2015 e o Certificado da Secretaría Xeral do Concello da mesma data.

Considerando o artigo 84.5 da LOUGA que di expresamente:

5. O municipio promotor do plan xeral comunicará ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio ao que se refiere o apartado anterior

Polo exposto, o seguinte paso preceptivo para continuar coa tramitación do PXOM do Concello de Redondela é o disposto no devandito artigo.

Teño a ben propor á Comisión Informativa que se dictamine favorablemente a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do acordo de formulación do PXOM en base ao artigo 84.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e comunicación ao órgano ambiental, xunto co documento de inicio.”

Votación e ditame: A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor do P.P., e 3 abstencións (PSOE, AER e concelleira non adscrita), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta anteriormente transcrita a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5. CESIÓN DUN LOCAL DA PLANTA SUPERIOR DO MEIRANDE A FAVOR DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURA DE RANDE



CONCELLO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio na súa sesión do 20/11/2015 que se transcribe a continuación:

“Pola presidencia dáse conta da proposta da Presidenta da Comisión de data 17 de novembro de 2015 do seguinte tenor:

“Considerando que por resolución do 07.02.2012 da Autoridade Portuaria de Vigo (APV), foi outorgada ao Concello de Redondela unha concesión administrativa sobre a antiga “fábrica do alemán” na que se levou a cabo o proxecto do centro de interpretación sobre a batalla de Rande.

Considerando que rematadas as obras interesouse polo presidente da ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL DE RANDE (en adiante ADCR) a cesión dun local concreto da planta superior do edificio construído, duns 79,50 m2 como centro social e veciñal da propia asociación para a realización de diferentes actividades, como cursos, talleres, charlas....

Considerando que pola APV, na súa resolución do 30.05.2014 e unha vez admitida a ampliación do uso da concesión outorgada para actividades sociais, culturais e deportivas, se autorizou esta cesión a favor da entidade solicitante durante o mesmo prazo de vixencia da concesión.

Vista a lexislación aplicable, contida no informe da secretaria do Concello 129/2014 do 22.09.2014.

Resultando que consonte á mesma non hai atrancos legais para que dita cesión poida formalizarse, previo acordo ao respecto do órgano competente, neste caso o pleno do Concello, tendo en conta que a concesión correspondente e as súas condicións foron aceptadas polo mesmo .

Resultando que pola ADCR aportouse a documentación requirida polo Concello de Redondela acreditativa de que se aceptaron os condicionamentos específicos da cesión parcial da concesión ao seu favor, requisito previo e inescusable á adopción do correspondente acordo polo pleno do Concello.

Teño a ben propor á comisión informativa que se ditamine favorablemente a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Ceder á ADCR a concesión outorgada pola APV o 07.02.2012 relativa a un local da planta superior do edificio construído no Meirande, duns 79,50 m2, reflectido nos planos que ao efecto obran no expediente, compartimentado cun baño e un almacén, a fin de que sexa adicado a centro social e veciñal da propia asociación para a realización de diferentes actividades, como cursos, talleres, charlas..etc.
2. Dita cesión sométese ás seguintes condicións que teñen carácter de suspensivas:

Prazo e condicións básicas da cesión

- a) O prazo máximo da cesión quedará vencellado, en todo caso, a que o Concello de Redondela manteña a concesión outorgada pola APV ou organismo que no seu caso asuma a competencia. Aínda que en principio o prazo quedou fixado en 35 anos a partir do 27.01.2012 o feito de que o Concello renuncie á concesión ou a mesma quede sen efecto con anterioridade a dito prazo por calquera causa,



suporá a extinción simultánea da presente cesión sen que dea lugar a ningunha indemnización a favor da ADCR.

- b) Non cabe a posibilidade de que pola ADCR se ceda a terceiros o espazo obxecto de cesión (regra 30 Orde FOM/938/2008, de 27 de marzo (OCDP), que aproba o plego de condicións xerais para o outorgamento de concesións no dominio público portuario estatal). Asemade, non cabe a constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre o obxecto da cesión nin se inscribirá no rexistro da propiedade a mesma sen que se acompañe certificación da APV acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos e das cláusulas da cesión (regla 31 OCDP).
- c) O local obxecto de cesión atópase grafiado no plano obrante no expediente (identificado como L1 e L2) e a mesma cinguese exclusivamente a dito local respectándose en todo caso o dereito de acceso ao mesmo.
- d) Consecuentemente coa resolución da APV do 27.01.2012 (rectificada parcialmente o 27.04.2012) a ADCR deberá abonar ao Concello (quen á súa vez o abonará á anterior) polos conceptos de taxa de ocupación e taxa de actividade os importes proporcionais que resulten en base á superficie obxecto de cesión. Dito aboamento realizarase coa mesma periodicidade que o Concello debe facelo á APV e cunha antelación mínima de 15 días ao remate de cadanseu dos vencementos.
- e) O cesionario non pode destinar o local para usos distintos dos expresados: actividades sociais, culturais e deportivas. O incumprimento de esta condición determinará que se deixe sen efecto a cesión.
- f) A cesión non orixina gastos para o Concello. Todos os gastos que orixine serán pola conta exclusiva da ADCR, así como o importe dos impostos, taxas, prezos e exaccións de calquera natureza que se reporten como consecuencia da cesión, ou do seu cumprimento e extinción, así como os gastos derivados de anuncios e gastos de outorgamento de escritura e rexistro, se fose o caso.
- g) A explotación será a risco e ventura da ADCR, sen que o Concello participe no seu financiamento nin avale ningún tipo de empréstimo con independencia das subvencións que, no seu caso, poida percibir para dedicar á finalidade concreta por razón da cal se constitúe a cesión. O outorgamento da cesión non exime ao cesionario da obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles nin do pago dos impostos que lle sexan da aplicación.
- h) Ao extinguirse a cesión ao Concello de Redondela, independentemente da causa pola que se produza, a ADCR estará obrigada a entregar as instalacións ao Concello dentro dos 15 días seguintes, no estado de conservación e funcionamento adecuados.
- i) A cesión ten carácter administrativo. Independentemente dos dereitos e obrigas comprendidos no presente clausulado, a ADCR queda sometida a calquera norma xurídica de ámbito municipal, autonómico ou estatal, en vigor ou que poida ditarse que afecte ao obxecto e contido da mesma.
- j) Para facer uso do local obxecto da cesión é requisito necesario a formalización da mesma en documento administrativo. A tales efectos a ADCR e con carácter



previo, deberá constituír unha garantía por importe do 3% da valoración do inmovible obxecto de cesión ao abeiro do previsto no artigo 90 do RB. Esta garantía actualizarase cada cinco anos en función das variacións do IPC de Galicia. Caso de que polo Concello se executara total ou parcialmente a garantía, a ADCR queda obrigada a repola ou completala dentro do prazo de un mes contado a partir da notificación da diminución do seu importe. O incumprimento desta obriga será causa de caducidade da cesión.

- k) A resolución da cesión producirase polas causas establecidas na lexislación vixente, e, en particular, as seguintes:
- Caducidade por vencemento da cesión.
 - O mutuo acordo entre o Concello e a ACDR.
 - A extinción da personalidade xurídica da ACDR.
 - A declaración de quebra, ou suspensión de pagamentos do cesionario.
 - O incumprimento das condicións previstas no acordo de cesión.
 - Por renuncia da ADCR.
 - Por renuncia do Concello de Redondela á concesión da APV.
 - Revisión de oficio nos casos previstos na lexislación vixente.
 - Rescate por existencia de interese público prevalente.

Outras obrigas da ADCR

Serán obrigas da ADCR, ademais das comprendidas na LRBRL, regulamentos que desenvolven as demais disposicións aplicables, consideradas a todos os efectos como cláusulas, as seguintes:

- Explotar de forma directa a instalación obxecto da cesión, sen que poida subrogar nesta a ningunha persoa, nin arrendar, hipotecar, subarrendar ou ceder, directa ou indirectamente, en todo ou en parte a mesma.
- Responder da seguridade das persoas que acudan ás instalacións responsabilizándose dos danos ou prexuízos que se causen a terceiros.
- Manter durante todo o período da cesión, as instalacións e os bens de dominio público ocupados, en perfecto estado de utilización, mantemento, hixiene, seguridade e ornato. Os gastos producidos polas reparacións necesarias para o cumprimento do anterior, ben sexan realizados a iniciativa do a ADCR ou a requirimento municipal, correrán única e exclusivamente por conta do a ADCR.
- Efectuar ao seu custo ao termo da cesión, calquera que sexa a causa, cantas correccións, reparacións ou substitucións sexan necesarias para que o Concello reciba as instalacións e os bens de dominio público ocupados, en perfectas condicións de uso.



- Cumprir cantas normas de Seguridade Social afecten ao seu persoal e estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes fiscais co Estado, Comunidade Autónoma e co Municipio.
- As actividades deberán realizarse debidamente e, en todo caso, coa máxima corrección para os usuarios.
- Serán de cargo do a ADCR os gastos de luz, auga e enerxía do inmovible obxecto da concesión, así como da recolleita de lixo, servizo telefónico e calquera outro necesario para o desenvolvemento da súa actividade e tódolos gastos que esta ocasione, así como a contratación dos correspondentes servizos, as acometidas e o pagamento dos dereitos correspondentes, no seu caso.
- O Concello poderá, sempre que o estime pertinente, realizar inspeccións, que serán xiradas polos servizos técnicos, requirir a presentación da documentación preceptiva conforme á normativa vixente e ordenarlle ao a ADCR a adopción de cantas medidas e reparacións sexan necesarias para o correcto funcionamento e conservación do inmovible.

Réxime sancionador

Considerarase falta, toda acción ou omisión por parte da ADCR, que supoña a vulneración das obrigas establecidas nas presentes condicións e demais normas de xeral aplicación. Os incumprimentos da ADCR das obrigas obxecto da cesión, tipificaranse e sancionaranse, de conformidade co seguinte cadro de faltas e sancións:

1. Faltas leves:
 - a) Incumprimento leve dos deberes de mantemento, ornato e seguridade que non afecte ás condicións estruturais do centro.
 - b) Calquera incumprimento das cláusulas coa cesión que non teña a consideración de falta grave ou moi grave.
2. Faltas graves:
 - a) Descoido no mantemento das instalacións cando non teña a consideración de falta moi grave.
 - b) Non facilitar as actuacións inspectoras por parte do Concello.
 - c) Manter inactivo o local por máis de seis meses continuados sen autorización do Concello.
 - d) Non realizar o pagamento das taxas correspondentes nos prazos establecidos.
3. Faltas moi graves:
 - a) Incumprimento dos deberes de mantemento e seguridade que afecten ás condicións estruturais do centro.
 - b) Adicar as instalacións a fins diferentes daqueles para os que se constitúe a cesión.
 - c) Dispor por calquera negocio xurídico do obxecto da cesión sen autorización previa do Concello



- d) Manter pechado o local por máis de dun ano (acumularase a estes efectos os períodos que permaneza pechado) sen autorización do Concello.
- e) Realizar actuacións non permitidas polo prego.
- f) A execución de obras sen autorización do Concello, así como o defectuoso mantemento das medidas de seguridade e contraincendio do inmovible.
- g) Non realizar as reparacións que o Concello ordene para a conservación e mantemento do inmovible.
- h) A reiteración de dúas faltas graves dentro do período dun ano.
- i) Calquera oposición ou entorpecemento ás inspeccións municipais por parte do cesionario.

Sancións

1. As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 3.000 euros.
2. As faltas graves sancionaranse con multa de 3.001 a 6.000 euros en función da transcendencia para os intereses públicos da infracción cometida.
3. As faltas moi graves sancionaranse con multa de 6.001 a 12.000 euros ou a retirada da cesión.

O procedemento sancionador desenvolverase co previsto no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora ou normativa que, no seu caso, o substitúa. Os importes das devanditas sancións actualizaranse automaticamente cada ano de acordo coas variacións do IPC de Galicia.

Cando a cesión se resolva por culpa do a ADCR, este deberá indemnizar a Administración dos danos e prexuízos. O Concello poderá modificar por razóns de interese público o contrato de cesión, nas condicións previstas na normativa de aplicación en cada momento.

Inicio das actividades

Formalizada a cesión, a entidade adxudicataria deberá facerse cargo das instalacións e das obrigas correspondentes no primeiro día do mes seguinte ao de dita formalización, sempre que se formalizara antes do día 16 do mes correspondente, ou no mes inmediatamente posterior no caso de que se formalizara a partir de dito día.

Prerrogativas do Concello

O Concello poderá, sempre que o estime pertinente, realizar inspeccións, que serán xiradas polos servizos técnicos, requirir a presentación da documentación preceptiva conforme á normativa vixente e ordenarlle ao a ADCR a adopción de cantas medidas e reparacións sexan necesarias para o correcto funcionamento e conservación da instalación.

Destrución das instalacións

A destrución de toda ou a meirande parte da instalación obxecto da cesión, sempre que se deba a causa fortuíta ou de forza maior, dará dereito á ADCR para optar entre a extinción da cesión sen dereito á indemnización algunha ou a reconstrución das obras do xeito que estableza o Concello, sen que, neste último suposto, se alteren as



condicións da cesión. Se a destrución ocorrera por dolo ou culpa do a ADCR ou persoas que del dependan, a opción anteriormente establecida corresponderá ao Concello que poderá, en todo caso, obrigar ao a ADCR á reconstrución das obras, sen prexuízo das demais responsabilidades que lle foran esixibles.

Devolución da garantía

Realizada a entrega ao Concello do inmovible, e comprobado o seu estado devolverase a garantía constituída, a solicitude da ADCR, coa dedución, no seu caso, das cantidades que a mesma deba facer efectivas polas responsabilidades en que puidera ter incorrido.

Extinción de dereitos

Cando por extinción da cesión por calquera causa, se produza a reversión ao Concello da parte obxecto de cesión, extinguiranse automaticamente os dereitos reais ou persoais que puideran ostentar terceiras persoas sobre o inmovible obxecto de cesión. Tampouco asumirá o Concello os contratos de traballo que puidera ter concertado a ADCR para o exercicio das súas actividades.

Réxime xurídico

As cuestións ou litixios que poidan derivarse da cesión, terán sempre carácter exclusivamente administrativo e, no seu caso, serán sometidas ós tribunais da xurisdición contencioso-administrativa e autoridades competentes. En caso de dúbida, o pleno do Concello ostenta en todo caso as facultades de interpretación das cláusulas e condicionamentos aos que se somete a cesión.

A formalización da cesión da concesión do devandito local realizarase dentro do prazo de 15 días dende a notificación á ADCR do acordo plenario de cesión. Con carácter previo, dita asociación presentará inescusablemente:

1. Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.
2. Acreditación de ter constituída a garantía do 3% do valor do local obxecto de cesión.
3. Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles riscos relativos ás actividades a desenvolver no local obxecto de cesión.”

Votación e ditame: _A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor do P.P. e 1 da concelleira non adscrita, e 2 abstencións (PSOE e AER), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo e lles consta o moito que traballou esta asociación polo Meirande.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a asociación non sabía que este asunto ía vir ao pleno ata o pasado luns. Destaca o esforzo da mesma para conquistar un local para desenvolver actividades de carácter cultural asumindo unha serie de condicións e



CONCELLO DE REDONDELA

incluso unha fianza diante do Concello o que amosa que están moi interesados en organizar ese tipo de actividades. Pregunta qué vai a pasar co resto do espazo da planta superior.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que queren destacar a labor feita pola asociación e grazas a ela o Meirande está aí. Consideran que está ben que teñan un lugar nese edificio pero sinala que non contan nin con aire acondicionado nin calefacción e o chan é de cemento. Pensan que se está a discriminar a esta sociedade que ten o mesmo dereito que todos os que se reúnen no resto do edificio.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o que din é sentir común de toda a corporación xa que a asociación se atopa moi vencellada ao proxecto do Meirande. Considera que se lles está dando o lugar que se merece e sinala que teñen unha liña de subvencións a súa disposición e non se lles discrimina como cando o señor Reguera era concelleiro de Cultura que non tiñan onde reunirse nin contaban con axudas. Di que terán que pagar os gastos igual que outras asociacións e poderán acceder a axudas de ata 3.000 € para iso.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a voceira do PP tomou a cousa pola tremenda xa que o único que destacaron foi a actitude da asociación para ter un local asumindo as obrigas que se lle impoñen. Indica que a gran beneficiada é a Autoridade Portuaria que dunhas ruínas e sen investir nada recibirá no futuro un edificio nas mellores condicións.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o PP o que fixo foi levar a cabo o previsto no FEDER e llelo deixaron todo feito.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a outra parte irá adicada a eventos no Meirande e incluso cuestións que teñan que ver para o estudio da contorna. Dille ao señor Reguera que non estaba nada feito e houbo que levalo a cabo nun tempo récord, ata o proxecto e as autorizacións. Admite que a idea fora do PSOE e do BNG reflectida en 40 follas, pero nada máis.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta anteriormente transcrita a votación, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

6 FÓRA DA ORDE DO DÍA

Primeiramente, procédese á votar a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día, resultando ratificada por unanimidade de todos/as os/as concelleiros/as presentes.

“MANIFESTO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO”

A muller, as mulleres, levan sufrindo dende o máis fondo dos tempos, a discriminación, a desigualdade e a violencia contra elas. Sen ter feito absolutamente nada para ser receptoras destas condutas, excepto ter nacido muller. Así de sinxelo e así de cruel.



CONCELLO DE REDONDELA

Por ser muller limitáronnos e prohibíronnos o voto, recluíronnos e priváronnos da mínima educación, asignáronnos determinados roles sociais sen ternos preguntado, e pecháronnos as portas, tanto do coñecemento coma do desenvolvemento da propia persoa.

Faltamos durante séculos nas artes, faltamos nas ciencias, faltamos nos centros de decisión, faltamos nos sufraxios, faltamos na vida pública e no dereito de representación, faltamos coma suxeitos de dereitos tan básicos coma poder mercar ou vender propiedades, faltamos nos claustros universitarios e faltamos tamén no pensamento.

Pero a mais de todo o anterior, a expresión máis cruel e terrible de anos e séculos de afastamento, deixando todas as decisións na man dos homes, é a violencia contra nós.

Violencia para garantir un status quo no que a muller siga por debaixo e o home por riba, dentro e fóra do fogar, dentro e fóra da propia sociedade.

E hoxe temos que ser conscientes de que estamos nun punto no que comezamos de novo a camiñar cara a atrás.

Cada quen de nós ten presente que non só a violencia é sumamente difícil de erradicar, senón que ademais é moi doado adoitála coma forma de comportamento para impoñerse ante, neste caso, a muller. Comeza creando case incredulidade na muller que a recibe, e vai, se non se rompe ese ciclo, subindo de nivel até conseguir atemorizar, amordazar e anular a vontade.

Ese é o resultado. E o camiño leva consigo insultos, empurróns, berros, ameazas contra a muller ou os familiares máis débiles. Leva consigo estrés, insomnio, malleiras, violencia sexual, soidade e afastamento das amizades; tamén vergoña, perda da confianza nos demais, perda da autoestima, perda da saúde e, finalmente, mesmo a perda da vida.

E fóra do fogar os exemplos de violencia gratuíta contra a muller son innumerables: a explotación do noso corpo a todos os niveis, comercial, publicitario, sexual...

Cantas veces temos parado ante carteis ou anuncios que nos feren só con miralos? Cantas veces temos que cambiar de canle nos nosos televisores ante programas que degradan tanto á muller que supera calquera límite racional?

Todo este bombardeo de uso da muller como obxecto, de xeito tan xeneralizado, é o que está levando a ver de novo condutas e usos que levamos décadas tratando de cambiar e transformar.

Vemos unha sociedade na que a xente máis nova semella aínda máis violenta e máis degradante coa muller do que poderíamos ter esperado.

Vemos que é necesario que se tomen decisións de calado en dous sentidos sen os que esta terrible enfermidade que sofre a nosa sociedade actual, non vai curar xamais:

Previr as condutas. Necesitamos máis esforzos en todos os ámbitos, non só no educativo. Hai que seguir a traballar nos centros educativos, por suposto, de xeito transversal, con docentes que saiban tratar a eliminación da violencia dunha forma que o alumnado o asimile, que pensen en igualdade.

Hai que seguir a fomentar a igualdade, en cada ámbito da vida: na escola, no deporte, na cultura, na ciencia, etc...



CONCELLO DE REDONDELA

Temos que impulsar tamén a igualdade laboral e de salarios, inspeccionar e sancionar, e promover espazos de traballo en igualdade.

Previr tamén inclúe ás administracións, autonómicas e locais, por ser as máis próximas, e á estatal, para que unifique estratexias. Previr é vixiar e non apoiar medios que denigran á muller; previr é aumentar o control sobre o tráfico ilegal de persoas; previr é garantir campañas que nos agrupen, non que nos enfronten; previr é tamén modificar o réxime penal para os delitos relacionados, facendo que a pena por si mesma sexa disuasoria.

E en segundo lugar hai que protexer. Cando xa temos unha vítima, cando xa sucedeu o maltrato, o acto de violencia, temos que ser capaces de articular mecanismos para protexer a muller de xeito integral. Ese é un camiño iniciado pero aínda longo tamén. Necesítase maior protección xurídica e tamén maior seguridade xurídica. Normas que a protexan ao lado de menores ou dependentes que convivan no fogar. Tamén mellor protección da persoa física, e se iso implica máis vixilancia ou maiores medios tanto para os corpos de seguridade coma para os xulgados de violencia, haberá que dotalos. A protección integral debe conseguir que a muller e fillos ou fillas poida seguir coa súa vida, con apoios onde sexa preciso, económicos ou psicolóxicos, de saídas laborais ou curriculares e tamén de apoio á conciliación.

Como podemos comprender, unha problemática coma a descrita até aquí, ten que ser prioritaria nas políticas xerais, xa que comprende como suxeitos á metade da nosa poboación.

É de xustiza que se faga entre todos os sectores implicados e cunha meta clara: eliminar a violencia contra a muller e dar coa forma de pechar a longa lista de mulleres que xa perderon as súas vidas.

Así, e por todo o devandito, instase ao Pleno do Concello de Redondela a que aprobe os seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno de España a que, a través das modificacións executivas e legislativas precisas, garanta unha condición específica aos delitos de violencia de xénero ou contra as mulleres, incluso dentro do estatuto de vítimas, que reflecta as especiais características procesais da vítima de violencia de xénero, que xere medidas de protección específicas e suficientes (xudiciais, de seguridade e sociais) e unha protección integral da súa vida.

2.- Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que, como responsables en materia de Educación, tracen unha nova estratexia inclusiva e de coeducación, na que se traten por igual mulleres e homes, se reduzan os estereotipos e aproben as medidas que transformen os nosos centros educativos no camiño da igualdade real de homes e mulleres, xa que serán eles e elas quen transformarán o noso futuro.

3.-Instar ás distintas administracións responsables a que doten de recursos e persoal suficiente, e garantan o funcionamento continuado dos CIM e os PIM nos concellos onde xa existen, así como as liñas de axuda do 016 e do 900400273 durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano. Tamén que se manteña o servizo de atención psicolóxica durante todo o ano., e se articulen mecanismos de coordinación efectivos entre as diferentes administracións, e protocolos de seguridade que garantan unha correcta atención nos casos graves e moi graves de maltrato, tanto no caso da vítima e menores ou dependentes se é o caso, coma do persoal que atende eses casos.



4.- Instar ás diferentes instancias lexisladoras do Estado e da Xunta a que todas estas medidas que lexislativamente sexan modificadas, se fagan buscando a unanimidade dos diferentes grupos políticos.

5.-Dotar de orzamentos suficientes para dar cumprimento ás medidas que se adopten.

INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que as condenas deberían endurecerse. Sinala que é preciso por fin a isto.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este texto foi presentado con moita precipitación polo equipo de goberno, cousa que non considera de recibo nin positivo. Di que comparte cuestións importantes contidas nela como no relativo á educación, cando o PP está a apoiar a colexios que segregan por sexos, o cal lles chama a atención. Quere que se recolla a solicitude de que se incorporen ao Xulgado de Vigo dous novos equipos psicosociais xa que os existentes están desbordados. Propoñen incluír isto.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción e a proposta do BNG e dan lectura a un escrito de Rosa Fontaiña, coordinadora da rede de mulleres contra os malos tratos de Vigo sobre “*O sesgo machista na aplicación das políticas: o caso da xustiza*”:

“No encontro-di- todas concluímos unha cousa: o sistema non funciona e hai unha falta de interese en solucionar o problema por parte das autoridades. Non hai un interese real en acabar coa violencia de xénero.

Fálase moito, sácanse leis, prométense moitas cousas, pero a realidade é que as mulleres contan con moi poucos recursos. Son parches, nada máis que parches que non serven para nada, para amosarlle á cidadanía de que se están facendo cousas. A realidade, o día a día, demostra que os recursos son totalmente insuficientes- denuncia, engadindo que: se houberse un interese real, daríanlle a formación necesarias as forzas de seguridade e aos servizos sociais.

Rosa Fontaiña denuncia tamén a “dobre moral” que di ver en moitos representantes políticos: “Habería que rematar con todo ese teatro en relación a este tema. Non pode ser que os políticos, que non fan nada, que sacan leis dañinas, que non se preocupan en absoluto de como viven estas persoas, saian despois lamentando os asasinatos.”

“En igualdade e na loita contra a violencia de xénero estamos sufrindo un retroceso moi grande. Non é culpa da crise: é culpa dunhas políticas que están favorecendo a quen están favorecendo. É culpa de que falla o sistema e de que a cidadanía o acepta”, di.

A concelleira REY GÓMEZ di que os manifestos deben ir ao Consello da Muller e sinala que o PP fallou na previsión xa que o 25 de novembro é o día contra o maltrato todos os anos. Indica que o PP se contradice en relación ás súas accións contra o maltrato, subvencionando por exemplo a cinco colexios de Galicia que segregan por sexos cuestión que é legal despois de que cambiaran a lei para posibilitalo ou tamén recortando os servizos de asistencia psicolóxica, de aí que consideran un pouco contraditoria esta postura. Sinala tamén que teñen bloqueada a lei integral contra a violencia de xénero, pechan os centros para mulleres maltratadas...etc



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira PARIS BLANCO di que cando falan de educación refírense a rapaces e rapazas e non está demostrado que sexa mellor ou non a estes efectos a educación non segregada. Rexeita as cifras aportadas polo grupo socialista e di que a realidade é que dende hai sete anos para acá as vítimas foron caendo aínda que digan que os orzamentos son menores.

VOTACIÓN E ACORDO

Tralas intervencións, modifícase o punto 4 dos acordos propostos, quedando como segue:

“4. Instar ás diferentes instancias lexisladoras do Estado e da Xunta a que todas estas medidas que lexislativamente sexan modificadas, se fagan buscando a unanimidade dos diferentes grupos políticos . Solicítase tamén que se incorporen ao Xulgado de Vigo competente en materia de violencia de xénero dous novos equipos psicossociais.”

Realizada a votación, o manifesto, coa modificación do punto cuarto do acordo, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.

7. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

7.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO 16/10/15 AO 16/11/2015

Dáse conta das resolucións de alcaldía do 16/10/2015 ata o 16/11/2015.

O pleno do Concello queda informado.

7.2 MOCIÓNS

7.2.1 MOCIÓN DE AER SOBRE REPROBACIÓN DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUTURAS, PATRIMONIO, SEGURIDADE CIDADÁ, TRÁFICO, TRANSPORTES E INTERIOR.

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal de AER presentada polo grupo municipal de AER o día 20/11/2015 con número de rexistro 16636 que se transcribe a continuación:

“Vista a xestión deste concelleiro, ou mellor dito, a falta de xestión en todos os temas que leva (problemas da veciñanza coa ampliación da AP-9, taxis, terrazas, tráfico, emerxencias...).

Visto que moitas veces atranca e/ou non responde aos rexistros desta Agrupación, nin ás peticións por rexistro da veciñanza, negando o dereito á información pública.

Vista a súa forma de traballar, a cal non nos parece axeitada para un concelleiro de goberno, facendo xestións orais con outros organismos sen constancia escrita tanto da petición como da resposta dada.

Visto que neste novo mandato atopámonos con que o propio concelleiro se facía unha pregunta a el mesmo no pleno, sen que a oposición poida intervir, descubriendo un novo exercicio de esperpento partidista.



Visto que cando esta Agrupación, despois de comprobar que non responden aos seus rexistros, fai preguntas concretas para fiscalizar e informar, este concelleiro responde con evasivas e frases abstractas en vez de dar unha resposta concreta e dar conta do que fai ou do que non fai un concelleiro de goberno do noso Concello; facendo gala dun inadmisibile talante antidemocrático.

Todo exposto anteriormente é demostración da incompetencia de Arturo González para estar á fronte dunha concellería, polo que a Agrupación de Electores de Redondela propón ao pleno do Concello o seguinte acordo:

Reprobación de Arturo González Barbeiro, concelleiro de Infraestruturas, Patrimonio, Seguridade Cidadá, Tráfico, Transportes e Interior.

INTERVENCÍONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que se vai abster porque descoñece a traxectoria anterior do concelleiro pero sinala que se o que indica AER é certo deberíanse tomar as medidas oportunas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non lle parece unha novidade a maneira de traballar deste concelleiro xa na pasada lexislatura e non entende que aínda por riba se lle subira o soldo.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que reprobado é, entre outras cousas, criticar ou rexeitar enérxicamente a política deste concelleiro ao longo do seu mandato que é o procedente neste caso aínda que salienta que non é unha cuestión persoal. Indica que como concelleiro de tráfico foi un desastre, e tamén ao cargo de patrimonio xa que fixo unha mala xestión en relación ás obras do viaduto que logo houbo que rectificar. Apoian a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o concelleiro adicouse por enteiro a defender ao Concello e aos veciños e veciñas de Redondela. Parécelle que a moción non está motivada xa que se basea nunhas simples contestacións cando a xestión do señor González foi moi positiva para o Concello. Considera que no seu intre limitouse a dar unha información clara e veraz do que pasaba cos servizos de emerxencias e a abrir as portas do seu despacho a todas as persoas que tiveran problemas. Di que estivo tamén dende o minuto un cos afectados pola ampliación da AP9 namentras que o anterior goberno pechábanlles as portas. Estima que descoñecen os que asinan a moción o funcionamento da administración e as numerosas xestións realizadas ante outras administracións por parte deste concelleiro. Tamén sinala que conseguiu desatascar o proxecto de Mercadona, resolver o contrato coa anterior empresa encargada de redactar o PXOM, por en marcha o novo...etc.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que esta reprobación iniciouse porque levan máis dun ano solicitando información sobre as obras de reparación deste edificio do Multiusos. Indica que presentaron unhas 15 solicitudes recabando informes sobre os trámites realizados para arranxar os desperfectos. Manifesta dúbidas en relación a valoración que consta no seguro con respecto ao edificio. Di que o concelleiro fixo a ordenanza e despois non se lle tocou para nada e salienta que moitos locais non teñen licenza e polo tanto non poderían ter terrazas e que hai un mes lle obrigaron a unha terraza que levaba anos a retirar un toldo non sabe por qué. Parécelle que non é forma



de traballar. Tamén reproba a súa actitude cos veciños afectados pola AP9 pedíndolles que retiraran os coches cando estaban a paralizar as obras.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que pode haber unha fisura dentro do goberno municipal xa que a dito concelleiro quitáronlle algunhas das súas competencias. Indica que isto pode ser síntoma de debilidade e sinala que AER opta por reprobar pero o PP segue a gobernar en Redondela.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non hai goberno máis unido que este aínda que tiveran que reubicar as areas. Pensa que non é de recibo que fale de crise cando o voceiro socialista non é nin o señor Cabaleiro nin o señor Reguera que viñeron do anterior goberno e no seu tempo non foron quen de aprobar o PXOM aínda que gastaron un montón de diñeiro. Tamén critica a súa xestión en canto ao grupo de emerxencias que non quixeron e no que votaron en contra cando o PP o trouxo ao pleno. En canto aos seguros, sinala que os responsables de facer a valoración foron os técnicos do Concello, non o señor González Barbeiro.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a voceira non fai referencia aos informes xurídicos sobre os grupos de emerxencias. Sinala que ao prantexarse o tema da praza de Inspector comprobaran os problemas que hai no corpo da Policía Local e que o concelleira non fixo nin sequera un prego para a compra do vestiario. Refírese tamén a comentarios feitos con respecto á ampliación da AP9 nas comisións de seguimento. Ao señor Cabaleiro dille que son admiradores do señor Santos Héctor.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación a moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG), nove votos en contra (9 do PP) e unha abstención (1 da concelleira non adscrita)

7.2.2 MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A PONTE DE ACCESO A TRASMAÑÓ

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 13/11/2015 con número de rexistro 16352 que di

“Na reunión informativa do pasado venres 30 de outubro de 2015 sobre as obras da AP-9, o técnico de urbanismo do Concello de Redondela informaba de que o Partido Popular de Redondela nunca solicitou un seguimento das obras da AP’9 en terreo municipal, nin informe de repoñemento. É dicir, o goberno popular do Concello de Redondela non se plantexou alternativas ás impostas dende Fomento e Audasa dende que teñen o proxecto a sabiendas das zonas afectadas.

A proposta de Audasa (empresa concesionaria da autoestrada AP-9) apoiada por Fomento para ampliar a ponte de acceso a Trasmañó dende o Alto da Encarnación non concorda coa mellora da situación da ponte. O proxecto contempla engadir á plataforma un lateral de 70 centímetros na que se situaría unha beirarrúa de 1,24 metros de anchura, mentres que a calzada ampliaríase dende os 5 metros actuais a 5,5 metros. O espazo para o peón gañaría vinte centímetros, xa que agora a ponte dispón de dúas beirarrúas de 1,05 metros, aínda que no proxecto presentado só se contempla beirarrúa ao carón. Dous



CONCELLO DE REDONDELA

vehículos non poderían pasar á vez pola mesma zona que pretenden arranxar cunha sinal de tráfico.

Dende o PSdeG-Redondela non apoiamos este proxecto xa que a situación non só sería perigosa para os peóns, senón para os vehículos que terían que maniobrar metros sobre a ponte.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Que se inste a Fomento á remodelación da ponte de Trasmañó cun Plan Integral tanto para a seguridade de peóns facendo beirarrúas cunha anchura que permita o paso de mais de dous peóns e persoas con mobilidade reducida a ámbolos dous lados, como unha calzada co suficiente espazo para que dous vehículos pase á vez.
2. Que se inste a Fomento para facer unha rotonda que conte con humanización en substitución do illote de tráfico existente na N-552 á altura aproximada do km 5,5 da infraestrutura. Coa finalidade de que o lugar quede seguro tanto para os peóns coma para os vehículos, facendo a entrada e saída a San Vicente de Trasmañó mais adecuada no comezo da ponte de dita zona e no cruce.”

INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que veñen novamente ao pleno as obras da ampliación da autoestrada. Parécelle que a moción ten certos aspectos oportunistas e deberíanse seguir os pasos pertinentes pasando a cuestión polo consello parroquial de Trasmañó a fin de consensuar un texto e tralo ao pleno. Estima que o momento oportuno é agora que están as obras en execución para presionar a Audasa e a Fomento a fin de que teñan o menos impacto posible xa que van a afectar a moitos veciños e veciñas que contan con accesos moi complicados. Non considera doado que na comisión de seguimento se enfrente aos veciños cos técnicos do Concello. Opina que hai que pedir un acceso en condicións e non é convinte azuzar a loita entre os colectivos e o Concello e que tamén pode ter sentido facer unha rotonda. Apoian a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción e consideran que será necesaria unha nova ponte. Votarán a favor aínda que critican ao PSOE porque foi o señor Blanco o que trouxo esta obra e ao final fan máis o menos o mesmo que o PP.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a moción é oportunista e que todo o que recolle se levou á comisión de seguimento, na que non houbo pelexas. Critica ao PSOE porque cando gobernaba esqueceronse das melloras que ían traer as obras do AVE. Sinala que se están a valorar as alternativas para as reposicións de tal xeito que nas mesmas vaian asociadas melloras. Apoian a moción pero salienta que se esqueceran do consello parroquial unha vez máis.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a moción non é oportunista senón necesaria xa que as máquinas están aí e é o momento de aprobala. Di que o PP non quería crear a comisión de seguimento e senón se trae esta moción non se avanza. Refírese ás obras que realizará Audasa en Santiago que contan con ata 15 pasos inferiores e sinala que na ponte prevista non pasan dous vehículos ao mesmo tempo e a beirarrúa resulta impracticable. Indica que a asociación de afectados está poñéndose diante das máquinas



CONCELLO DE REDONDELA

porque cada día hai un despropósito e que non é de recibo que se faga unha ponte como a que hai agora nunha obra de 108 millóns.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP nunca tivo interese en constituír a comisión de seguimento xa que o que querían era negociar directamente con Fomento sen levar máis información aos colectivos das parroquias xa que iso podería supor máis presión á concesionaria e ao ministerio. Pregunta cuántas iniciativas tivo o PP para parar a obra da autoestrada. Considera que tanto as obras do AVE como esta promovidas polo PSOE e polo PP tronzaron Redondela en dous.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o arquitecto do Concello dixo na comisión que non se lle consultou sobre o tema da reposición. Insiste en que o proxecto foi do PSOE culminado polo PP. Espera que finalmente se cumpra o acordado na comisión.

O alcalde sinala que está en proceso de contratación a consultora da que se falou na comisión de seguimento.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que Redondela xa conseguiu bastantes cousas, como que se estude a ampliación da ponte de Trasmañó que non figura na obra. Indica que falan moito pero o PP conseguiu moitas máis cousas xa que considera que tiñan á parroquia totalmente esquecida .

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que non admite nada do que di a voceira do PP. Di que o consello parroquial foi o 20 de outubro e a reunión da AP 9 foi o 3 de novembro e por iso non a puideron levar xa que están de acordo en levalas pero estiman que é unha cuestión de urxencia e a traen porque é unha demanda da asociación de veciños de Trasmañó.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

7.2.3 MOCIÓN DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO "FEMINIDICIO".

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do BNG presentada o día 23/10/2015 con número de rexistro de entrada 15338 que se transcribe a continuación:

“A violencia machista á un dos problemas mais graves que ten que enfrontar a nosa sociedade. Nas últimas décadas a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisible grazas ao constante e incansable traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega, para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.



Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos pola limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema, consideramos fundamental a inclusión do "feminicidio" como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de "feminicidio".

Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á administración local, por ser a institución mais próxima á veciñanza, converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do pleno da corporación mncipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo "feminicidio" e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de "feminicidio".

Introducir, así mesmo, na citada modificación, a acreditación da situación de violencia machista, recollendo a certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou o documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; a sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do Concello de Redondela, o Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero para incorporar a regulación do "feminicidio" e o Estatuto de protección das vítimas do "feminicidio".

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado.”

INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA e o concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ din que votan a favor.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira REY GÓMEZ salienta que o feito de que a Xunta reducira as axudas e os recursos contra os feminicidios fai que non sexa eficaz, tal e como dixo anteriormente.

A concelleira PARIS BLANCO di que poden estar de acordo coa exposición de motivos pero no tocante aos acordos indica que o termo feminicidio non existe na nosa linguaxe e considera que non define o que sucede coa violencia de xénero polo que non estima axeitado o seu uso. Sí apoian que se cree un estatuto diferenciado para as vítimas de violencia de xénero. Di que na lei galega contéñense moitas das propostas contidas na moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as forzas políticas deben facerse eco das demandas sociais e o termo feminicidio é importado pero parécelle axeitado para o obxectivo que se pretende conquistar que é erradicar este terrorismo. Parécelle que a definición do estatus de vítima da violencia de xénero tamén é importante. Agradece o apoio á moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que termos como ése acaban entrando no dicionario.

A concelleira REY GÓMEZ di que tamén unha das mellores especialistas en políticas de igualdade, pertencente á USC, Marta Lois, admite o termo.

A concelleira PARIS BLANCO di que non é un problema o de cambiar o nome xa que xa sabemos do que se está a falar. Non lle parece axeitado cambiar un concepto por outro cando se trata do mesmo. Insiste en que a lei galega recolle dende o 2011 a meirande parte das propostas contidas na moción. Apoiarían a moción se no lugar de vítima de feminicidio o cambian por vítima de violencia de xénero.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a linguaxe é moi importante polo que considera que é preciso concretar determinados termos para que as leis vaian tamén cambiando. Sinala que hai moita xente nova que utiliza a violencia de xénero ou a xustifica dunha ou outra maneira e lle parece moi preocupante. Queren que se xeneralice o concepto de feminicidio polo que non acepta a proposta da concelleira do PP.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción anteriormente transcrita é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo doce votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita,) en nove abstencións (9 do PP).

7.2.4 MOCIÓN DE AER SOBRE A PROMOCIÓN DE GRUPOS E ARTISTAS LOCAIS.

ANTECEDENTES

Moción presentada no rexistro xeral o día 21/10/2015, con número de entrada 15266 polo grupo municipal de AER que di:

“Ben coñecido é, a nivel cultural, o grandísimo potencial musical e artístico que posúe o noso concello e a comarca, con numerosas iniciativas autopromovidas e autoxestinadas de carácter cultural, e en concreto, de carácter musical e das artes escénicas. O nome de Redondela é dignificado día tras día en multitude de foros, eventos e actividades culturais ao longo de toda Galicia, incluso chegando nalgúns



CONCELLO DE REDONDELA

notables casos a multitude de vilas e cidades de toda a península e diversos países europeos.

Non cabe engadir que toda esta bagaxe artística consolida nova canteira e ano tras ano nacen novos proxectos artísticos, que ademais do emprego xerado ao seu redor, están tamén no cerne de moitos deses festivais organizados por colectivos, asociacións e centros culturais da vila e parroquias que lograron nos últimos 20 anos diferenciar a Redondela como un motor cultural relevante na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta que Concello de Redondela é a administración pública que entre as súas funcións recae a promoción e difusión cultural en tódolos eidos e disciplinas, é responsabilidade tamén del dar cobertura e posibilidades aos artistas e grupos locais nos actos e eventos que a propia administración organiza ano tras ano. Se ben é relevante e importante que os redondeláns e redondelás poidan gozar de artistas doutra vilas, así como formacións e compañías nacionais e internacionais, como xa ven sendo habitual en numerosas programacións, dende AER pensamos que é necesario que o propio Concello de Redondela promova e incremente a presenza de grupos e artistas locais nos eventos, festas e actos organizados por el, tales como poden ser as festas da Coca, as festas do Choco, o Entroido de Verán, programación cultural do verán e do nadal, etc.

A lista de artistas solistas, grupos locais e mesmo de grupos ou proxectos foráneos onde participan artistas locais é ampla con exemplos destacables como poden ser, entre moitos outros, os seguintes:

ARTES ESCÉNICAS, HUMOR, POESÍA, MAXIA	MÚSICA TRADICIONAL	POP-ROCK, RONDALLA, JAZZ, HEAVY
Tanxarina A.C. Escuadra 17 Teatro Fanfarra Titeres Teatro Os da Coviña Mago Jose Mago Eloy Crespo Humorista Somoza Grupo poético Brétema	Tanto Nos Ten Sobre Rodas Trexadura e Orfeón Carlos do Viso Regueifeiros Trioliro Ghaveta Ducho Vidal Airiños da Peneda Os Quintelas María Fumaça Carapaus Tres Estralos Calcetín Furado	Caramuxo Vermello Alberto Vilas Circo de Pulgas Los Walter Mathaus Retroblues Rondalla de Redondela Black Notes Sete Cuncas Xulia María Tangata Eskornakabratua Belop La Vaga Banda Marxe Esquerda The silence Eigualdeixa Os Argonautas Greve HC Master os Reality RMS Group
FORMACIÓNS TRADICIONAIS PROMOVIDAS POLOS CENTROS E ASOCS. CULTURAIIS	BANDAS DE MÚSICA E ORQUESTRAS	COROS E CORAIS. CLÁSICA
O Carballo das Cen Pólas Airiños de San Simón Aluarado Anaquiños	Banda de Música Municipal de Redondela Banda de Música de Chapela	Alejo Amoedo Coro polifónico Corazón Joven Coral O Piñeirral Coral Pedra Blanca Coral Polif. Santiago Apóstolo



CONCELLO DE REDONDELA

Asubíos de Portocedeira Froles Mareliñas Os Xuveniles Sons do Castro Tarabelo Banda Miúda Fonte D'Ouro Mazaricos Tirapuxa Chan das Pipas Pandereteiras Semente Nova Pandereteiras Cacharelas Pandereteiras As Choqueiras de Redondela Pandereteiras Follas Verdes Pandereteiras O Noso Xeito Pandereteiras Terra Meiga Pandereteiras Arela Máis diversas formacións tradicionais das parroquias de Redondela	Orquestra de Saxos	Coral Alvedosa Coral Polif. Frol Nova Coral Polif. Ondas do Mar de Vigo Coral Pedra Blanca Coral Raíña Coral San Esteban Coral da S.L.C. de Reboreda Coro Infantil Reiseñor Grupo Guitarra Clásica de Cedeira
	PERCISIÓN. BAILE	
	Bloquinho Aperta Baile se Salón Sabor Baile Moderno de Cedeira Baile Moderno Pasiños Baile Moderno Falcatruada Baile Salsa Rica Ballet Deborah	

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1) Elaboración por parte do Concello dun CENSO DE ARTISTAS REDONDELÁNS: grupos musicais, solistas, grupos de teatros escolas de danza, grupos de títeres, bandas de música, corais, agrupacións tradicionais, artistas plásticos diversos, etc. que conte con información de contacto dos artistas e a súa catalogación e breve descrición da súa actividade. O censo manterase debidamente actualizado, facéndose público e accesible a toda a veciñanza a través da web municipal, dándolle a oportuna difusión entre os programadores de eventos tanto internamente no concello de Redondela como externamente.
- 2) Que o concello se comprometa, expresamente, a aumentar o apoio aos artistas redondeláns dun xeito proactivo, contando con eles á hora de programar culturalmente a axenda cultural xestionada polo propio Concello, tanto en actos de pequeno formato como aqueles de maior índole como poden ser as Festas da Coca, Festas do Choco, etc.

Xestionar a creación dun circuío redondelá de "Músicas ao vivo", cunha programación permanente de actuacións en locais de diversa índole; bares, cafeterías, pubs, centros sociais, etc. establecendo un marco de colaboración, Concello - locais programadores adheridos."



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓN

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que lle parece moi boa iniciativa, polo que están de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción concreta a tipoloxía dos distintos artistas que hai no Concello e recolle tamén o que se fai nas parroquias. Pensa que debe ter máis repercusión no ámbito dos consellos interparroquiais que pode ser unha boa ocasión para que estes se interrelacionen. Están de acordo coas propostas e suxire que se inclúa a linguaxe inclusiva. Expresa certas dúbidas con respecto ás actuacións en bares ou pubs xa que legalmente deberían reunir certas condicións.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo coa moción e sinala que o partido socialista potenciou a cultura durante todos os anos que gobernaron e xa tiñan un censo de artistas e todos os grupos participaron no seu intre nun convenio interparroquial de tal xeito que actuaron en todas as parroquias. Indica que o nivel da cultura en Redondela é moi elevado, basicamente pola actividade das asociacións que á súa vez, foron apoiadas dende o Concello. Considera convinte cambiar o nome de *Músicas ao vivo* por unha denominación máis axeitada.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que él mesmo facilitou información ao señor Varela e pediu participar na xuntanza cos artistas. Quería que esta moción fora de consenso e suliña que na relación de artistas faltan os artistas plásticos, hai misturados profesionais e afeccionados, non aparecen outros ou están algúns de fora. Gustaríalle saber cómo se fai o traballo de promoción e se propoñen que o Concello se converta nunha axencia, tamén dende o punto de vista xurídico e dos requisitos esixible aos locais.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que a moción contén exemplos e por iso poñen na mesma etc. Di que pretenden que se apoie aos artistas locais e se traslade fora a cultura de aquí aproveitando os contactos con outros concellos. Di que recolleron na moción o mesmo que faláron na reunión.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que considera que a moción é o froito dun encontro do que saen conclusións e se prantexan ao pleno. Entende que non se exclúe a ningún para consolidar o fomento da cultura de Redondela.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que a contratación non é a solución senón a difusión de acordo coas necesidades dos propios artistas. Indica proxectos similares que fracasaron. Considera que as iniciativas que contén a moción están mortas de antemán e que no básico están de acordo pero sabe que non vai funcionar. Estaría de acordo en traballar sobre ela se a retiran.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que eles cren que pode funcionar e que o fará se o concelleiro, que é experto, o fai funcionar. Están abertos a escoitar as propostas do concelleiro de Cultura.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo doce votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e nove votos en contra (9 do PP).



CONCELLO DE REDONDELA

7.2.5 MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE SOBRE O PLAN DE APOIO PERMANENTE Á ALIMENTACIÓN INFANTIL EN PERÍODOS NON LECTIVOS.

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentada no rexistro xeral o día 21/11/2015 con número 16653 que di:

“A longa crise económica que vimos padecendo, xunto coa política desenvolvida polo Partido Popular, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza en Galicia, situándose xa preto dun 25% e que leva consigo que en mais de 30.000 fogares non exista ningún tipo de ingreso. Esta situación acentúase no período non lectivo de vacacións debido a que durante todo o ano moitos nenos e nenas comen nos comedores escolares.

Os mecanismos para paliar a pobreza infantil promovidos polo Partido Popular de Redondela poderían ser considerados de carácter caritativo, e están a provocar unha carga de traballo a outras organizacións que participan con persoas voluntarias para que o goberno de Javier Bas poida desentenderse desta cuestión.

O PSdeG-PSOE Redondela é consciente da gran labor realizada polas ONG e asociacións, recoñecemos que están a ter un papel fundamental na actual crise económica polo que queremos resaltar a encomiable tarefa destes organismos, mais non podemos admitir que a administración pública pretenda descargar as súas obrigas en ONG e asociacións como está a acontecer. Entendemos que as actuacións das ONG e asociacións deberán ser complementarias ás das administracións pública e non substitutivas como pretende o Partido Popular.

Redondela non escapa a esta situación, como demostra o número de rapaces que acoden ao comedor escolar durante o período lectivo e que, grazas a esta medida, poden alimentarse de xeito correcto, polo menos unha vez ao día..

Debemos fomentar a utilización de mecanismos da administración pública que garantan un mínimo de tres comidas completas ao día.

A agrupación municipal socialista xa pediu ao goberno municipal do PP que se garanta o funcionamento do reparto de comida no fogar. Para evitar unha posible estigmatización social e que certos nenos sexan sinalados.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Redondela xestione e leve a cabo, exclusivamente dende a administración pública, un Plan de Apoio Permanente á Alimentación Infantil en Períodos non Lectivos” de carácter inmediato e dea comezo no vindeiro curso escolar 2015-2016.
2. Que dito programa conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias do noso concello, con menores ao seu cargo e que se atopen en situación de necesidade, teñan cubertas tres comidas completas ao día, tanto con alimentos perecedoiros como non perecedoiros.
3. Que a fórmula que se empregue consista nun reparto no fogar de alimentos para que se respecte a privacidade dos menores e a autonomía das familias.”



INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que coinciden coa moción aínda que queren facer certas puntualizacións xa que no seu intre se lle deron cinco mil euros a Cáritas cando debía ser o goberno municipal o que dera ese servizo. Pensa que debe artellarse xa de cara ao Nadal porque hai carencias moi importantes .

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que están de acordo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo en acadar as mellores fórmulas para garantir a boa alimentación de todos os nenos. Pide que a moción se deixe sobre a mesa e se leve á comisión de benestar social xa que a mesma prantexa cuestións que hai que regular e establecer cómo se fai xa que hai que ter en conta con qué medios se conta, quen o vai a facer, e cómo vaise a artellar. Parécelles ben a moción pero pide que a retiren para ver cómo se artella ese plan xa que hai que ter en consideración moitas cousas.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a moción presentouse en xullo e votaron a favor da axuda a Cáritas por responsabilidade. Di que a concelleira Teresa París dixo no pleno que xa no ano 2014 falou dun plan de apoio ás familias para o ano seguinte. Considera que non é unha responsabilidade de Cáritas. Cuestiona a política de convenios nominativos que segue o PP. Non retira a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o Concello ten datos de a qué familias debe axudar inmediatamente. Considera que hai que ter vontade e suliña que a concelleira ten cinco horas de atención ao público á semana.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que votan a favor.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que está de acordo e facer un estudio sobre este tema e salienta que os asinantes da moción a retiraron de plenos anteriores e a puxeron hoxe detrás da ponte de Trasmañó. Di tamén que ata o ano 2012 non había ningún tipo destas axudas. Preguntou qué persoas do Concello van a levar a cabo isto e non se lle respostou. Considera que é axeitado o apoio a Cáritas e non para misas e que o tema debería estudarse dun xeito máis global.

A concelleira RIVAS GÓMEZ insiste nas verbas da concelleira Teresa París sobre o tema. Non retiran a moción porque o goberno escúdase en Cáritas á que incrementan cada ano a subvención. Considera que se pode facer se queren.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta anteriormente transcrita a votación, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

7.2.6 MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O PLAN PARA A REMODELACIÓN INTEGRAL DO PORTO DE CESANTES

ANTECEDENTES



Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 22/10/2015 con número 15324 que di:

“Xa quedaron atrás aqueles primeiros días do mes de xaneiro do ano 2011 cando “a bombo e platillo” o presidente do ente público Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, na súa visita a Cesantes, presentaba por segunda vez un programa de investimentos na zona portuaria desta parroquia de Redondela acompañado por un amplo elenco do Partido Popular.

Tratábase do Plan para a remodelación integral do Porte de Cesantes.

Portos de Galicia investirá arredor de 6 millóns de euros na mellora e reordenación do porto de Cesantes. Estas foron textualmente as palabras do Sr. Álvarez-Campana Gallo.

O programa incluía dez actuacións, deseñadas por Portos de Galicia a executar nestas instalacións portuarias, c obxectivo de poñer en valor un porto que, ata o momento, sofre claras deficiencias, atopándose pouco aproveitado, pese ao seu potencial de actividade profesional.

A mais destacada das achegas destinaríase á creación dun dique aboiante orzamentado en 950.000 euros. Na zona de varada para travellift aportaríanse 900.000 euros, mentres que os departamentos para usuarios, necesarios para o traballo dos mariñeiros, suporían un investimento de 800.000 euros.

Portos de Galicia achegaría, así mesmo, 750.000 euros para o edificio de servizos náutico recreativos, co que se ampliaría a dimensión de actividade do porto redondelán, e 600.000 euros para a nova lonxa (único predio construído). *-A Xunta destinou 608.039,98 euros á construción dun inmovible, uns fondos que foron xestionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar e cofinanciados pola Unión Europea a través de FEP (Fondo Europeo de Pesca) nun 75%-* insistindo deste xeito no impulso á actividade profesional pesqueira das instalacións portuarias.

A mesma cantidade destinaríase tamén á demolición do dique actual, que sería substituído polo citado dique aboiante. Finalmente, para as pontes de paso de auga, faría falta unha partida de 550.000 euros, a urbanización da contorna doutros 500.000 euros, o dragado de 250.000 euros e a expropiación dunha parcela necesaria para a ampliación das instalacións de 100.000 euros.

Todo isto que está por levar a cabo, constata unha vez máis que o PP segue “indo de farol” e falando sen rigor cando se aproximan as eleccións.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Que o alcalde de Redondela reclame o compromiso de Portos de Galicia co desenvolvemento definitivo das instalacións portuarias de Cesantes.
2. Que na maior brevidade posible, o Sr. Alcalde de Redondela informe á xunta de voceiros e voceiras sobre os compromisos orzamentarios e datas de comezo e remate previsto das obras a realizar.”

INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este tema do peirao de Cesantes trae cola e que eles propuñan que fora sobre pilotes para que puidera ampliarse e ser máis sostible, cambiando o proxecto inicial. Indica que o candidato do PP en Redondela apoiouse neste proxecto e despois construíuse a lonxa pero o resto está estancado e hai que seguir reclamando que a Xunta invirta nese porto.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non van de farol, posto que a lonxa está aí e pouco a pouco as cousas vanse facendo. Indica que é unha zona medioambientalmente moi sensible e agora se está a facer un estudio de mareas porque toda a zona de Cesantes está perdendo area e é preciso que os expertos establezan que é o que pasa. Indica que hai prevista unha xuntanza para ver cómo se executará o resto deste proxecto sen que haia marchas atrás.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que se despois de cinco anos fálalle dunha próxima xuntanza para tratar o tema, parécelle que a moción xa xurdiu efecto. Indica que non se preocuparon do impacto ambiental cando fixeron o muro da praia e volve insistir en que van de farol.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o impacto do peirao é moi negativo para a enseada de San Simón como outras actuacións. Considera que a Xunta debeu atender as demandas da Confraría de Cesantes.

O concelleiro CRESPO ABAL di que outros estudos se levaron a cabo e non se lles fixo caso. Apoian a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que para *faroles* os do grupo socialista xa que prometeron a lonxa e o auditorio e non se fixo nin sequera cando había un goberno bipartito en Santiago, aínda que apoian a moción porque xa se están a facer xestións.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a proposta anteriormente transcrita a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

7.3 ROGOS E PREGUNTAS

7.3.1 ROGO DO PsdeG-PSOE SOBRE A CELEBRACIÓN DUN PLENO EXTRAORDINARIO

Rogo presentado o día 29/10/2015, con número de rexistro de entrada 15737 que textualmente di:

“Debido á acumulación do número de mocións que se ven dando, ocasionando que moitas das que se presenten non cheguen a se debater, endadido ao detrimento do tempo de debate de mocións debido ao cambio de formato de pleno coa anteposición das comparecencias ás mocións, non apoiado por todos os partidos da oposición.



CONCELLO DE REDONDELA

Polo anteriormente exposto ROGAMOS ao alcalde de Redondela, Javier Bas que se celebre un pleno extraordinario onde conste como punto único da convocatoria o debate de mocións atrasadas.”

7.3.1 ROGO DO PsdeG-PSOE SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA

Rogo presentado o día 26/10/2015 con número do rexistro de entrada 15736 que di:

“O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado convocadas polo Movemento Feminista para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactiva e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e dun ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14) que se incumpren substancialmente en canto á prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denuncianteas, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución mais próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3 c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013, di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do estado ou da comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232 C de violencia de xénero no proxecto de orzamentos do Estado de 2016.

Polo anteriormente exposto, ROGAMOS ao alcalde de Redondela, Javier Bas, que:

- Sostaña todos os días do ano de todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estatal de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo. Ademais de que esta atención sexa estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
- O Concello de Redondela contribúa á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Fomente a sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal, así como axude á participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.



CONCELLO DE REDONDELA

- Erradique do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizo. Poñendo atención esencial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención. “

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-